

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 2 DE DECEMBRO DE 2015**

A C T A

Ás 16:00 horas do día indicado reúnense na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (6):

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arizaga, Mercedes Solla Carracelas, Cristina Montojo Santos, Belén Riveiro e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Disculpan a súa asistencia (1):

Natalia Caparrini

Con voz pero sen voto (1):



Susana Reboreda.

ORDE DO DÍA:

1.- Informe da coordinadora.

A coordinadora informa sobre os seguintes asuntos:

- Prácticas: iniciáronse os trámites para renovar o convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia e a Facultade de Historia que ofrece cobertura ás prácticas do mestrado. Felipe Criado en nome do INCIPIT rexeitou aceptar alumnado en prácticas polo gran carga de traballo que ten o persoal da institución. A coordinadora sinalou que sería bo deixar aberta a posibilidade de colaboración institucional mediante a sinatura dun convenio de colaboración educativa, ao que contestou que non asinan convenios se non son para cousas concretas, e propón a posibilidade de facer, a título persoal, unha carta de intencións para anos vindeiros.



- Enviouse unha primeira proposta do orzamento do curso 2015/2016, cunha nova distribución a causa dos límites de pago ao profesorado “externo-externo”, susceptible de revisión (ANEXO 1).
- A alumna Diana Blanco Patiño presentou novamente a solicitude de TFM, pero non se incluíu na orde do día posto que xa fora aprobado no curso pasado (2014/2015).
- PAT: enviouse un aviso aos coordinadores para que se puxeran en contacto cos seus titorandos. Así mesmo, abríronse no espazo común de coordinación do mestrado todas as enquisas de satisfacción do alumnado como optativas e permaneceran abertas ata o final do primeiro cuatrimestre.
- Reunión de coordinadores de mestrados coa vicerreitora de profesorado e o coordinador da área de posgrao (á que asistíu a secretaria do mestrado):

PROFESORADO EXTERNO:

Deben ter un tipo contractual que figure na LOU:

- profesores doutras universidades
- profesores invitados / conferenciantes
- profesores asociados

INVITADOS: non poden asinar actas, nin facer titorías ou guías docentes. Necesítase un profesor da universidade (se non figura con algunha hora en Madrid dan a materia como non impartida).

Respecto ao convenio, dende posgrao nos din o seguinte:

“Lo que les dijimos en la reunión del otro día sobre los externos son dos cosas para que lo fuerais pensando para tomar en enero una decisión:

Tendremos que poner un mínimo de horas de profesores de Uvigo en cada materia. Este mínimo podría ser diferente en un máster si existen convenios específicos como el vuestro de restauración”.

ASOCIADOS: para que os profesores foran contratados como asociados é preceptivo sacar a praza a concurso por departamento. O problema é que non se pode sacar un asociado por 10 ou 15 horas, o mínimo son 45 horas nun cuatrimestre.

TFM:

Pasará a regularse igual que o TFG: última materia da titulación (vide RD 1393/2007, art. 15.3).

Cada TFM terá acta individualizada.



FORMACIÓN CONTINUA:

Cos cambios de Formación Continua a Matrícula Ordinaria está habendo problemas porque ou deixa de alcanzarse o número mínimo de alumnado ou se excede.

Unha posible solución: non permitir o paso de FC a ordinaria durante o curso e facer un recoñecemento de créditos no segundo ano pero sen admisión automática nese segundo ano.

- 1º ano FC.
- 2º ano entra na selección igual que os novos de matrícula ordinaria.

Outra posible solución: nos mestrados que cubren matrícula non admitir FC.



2.- Aprobación se procede das actas das sesións do 11/11/2015 e 23/11/2015.

Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 11/11/2015 e 23/11/2015.

3.- Reclamación do alumnado enviada á coordinación.

Recibíronse dúas reclamacións do alumnado:

A primeira referida ao incumprimento do profesor do módulo 1, Antón Lois Fernández Álvarez, que está desaparecido contestou con moita demora aos correos enviados pola coordinadora de materia, Elena de Uña, e pola coordinadora do mestrado, Beatriz Comendador.

A segunda polos desaxustes nos horarios do módulo 2. A coordinadora do mestrado respondeu á reclamación indicándolles que o cambio de profesorado derivado da baixa maternal da profesora Julia Armesto, deixou ao profesor Faustino Patiño moi pouco tempo para realizar a planificación da materia.

Belén Riveiro, coordinadora do módulo 2, comenta que o profesor prolongou as súas titorías, gravou as súas clases e subíu todos os materiais a FaiTic. Indica tamén que o solapamento de dúas materias neste curso e o perfil non especializado do alumnado dificultou o seguimento da docencia.



Acordouse que o módulo 2 redacte unha resposta á reclamación e que, unha vez corroborada via mail e asumida pola comisión, se remita ao alumnado.

4.- Aprobación do listado provisional de Prácticas 2015/2016.

Apróbase por asentemento o listado provisional de prácticas do curso 2015/2016 (ANEXO 2).

5.- Rogos e preguntas.

A coordinadora do mestrado deixa constancia da súa protesta ante os seguintes asuntos:



- a invitación e o premio outorgado pola Universidade de Vigo ao cazatesouros Robert Sténuit.
- regulación das actividades remuneradas de divulgación e co acceso directo á habilitación como guía de turismo, recollidas no *Decreto 73/2015, de 7 de maio, polo que se regula a profesion de guía turístico de Galicia.*

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

Ourense, a 2 de decembro de 2015

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria


Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA


Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 11/02/2016.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

ANEXO 1: Proposta de orzamento do curso 2015/2016.



Proposta_orzament
o_2015_2016.pdf

ANEXO 2: Listado provisional de prácticas do curso 2015/2016.



HTCO3_lista_provisi
onal_practicas_2015